


O ESPIGONCIÑO

Chegou
NADAL Científico



70

NADAL 2017

O ESPIGONCIÑO

Ola nenas e nenos do cole:

Estamos xa case nas festas de Nadal, tempo familiar que debemos desfrutar ao máximo cada ano. Estou segura de que vos tamén tedes moitas ganas de pasar unhas boas vacacións e de abrir os regalos que vos van traer Papá Noel e os Reis Magos. Eu si! Este ano paseino bastante ben con todas as actividades que fixemos este curso. Dende os xogos tradicionais do Magosto ata o árbore de Nadal cheo de peluches e o "Amigo Invisible" con tarxetas de felicitacións. É o Nadal!
Espero que vos desfrutedes estas datas tanto coma min.
Felices festas e feliz Aninovo!!!!

Martina 6º A



Debuxo da portada: composición de Sandra Fraga López e Noa Yáñez Orizales

Debuxo da contraportada: Pablo Fraguela

Textos e ilustracións: alumnado e profesorado do CEIP "Manuel Fraga Iribarne" de Cariño.
Decembro de 2017.

En memoria de Dona Dulce M^a Vázquez Fernández e Don Roberto Lage Lesta,
durante moitos anos facedores deste xornal.




Sumario

Presentámonos.....	4
Obradoiros.....	7
Obradoiro de ciencias.....	13
Actividades.....	17
Semana de exaltación da mazá de Cariño.....	24
Celebracións	26
Connemoracións.....	30
Contos	33
Mulleres científicas.....	35
Proxectos:LÓVA	37
Viaxes: exposición “A robótica en primaria”.....	41
Viaxes: a semana STEM.....	43
Experimentos	45
Biblioteca.....	48
Pasatempos	50



Presentámonos




SOMOS A CLASE DAS MARIQUITAS

ESTE CURSO COMEZAMOS

A NOSA ANDADURA POLO COLE




FRIKA




A B T L A



ELSA





AINOA



ADA X



NICOLÁS



COLA

MATEO





KHLOE



≠ L ≠ N



STELA



VALERIA



Alumnas e alumnos de 4º Infantil

Obradoiros.

TALLER DE ABN




CON
MOITOS
XOGOS

APRENDEMOS
MATEMÁTICAS





SOCIEDAD



DO
UNIVERSO



CONTAMOS
OLLAS DE
MONSTRUOS



E
PUXAMOS
E QUITAMOS
TANTAS MAS

TALLER DE ARTE

CON
RUALDI



CON ECHINOS

O
OUTONO





5 ANOS

3 ANOS



4 ANOS



E FEMOS ESCULTURAS

CON





NO
NADAL
FIXEMOS
UNHA
ESTRELA

UN
CASTANEIRO



Alumnas e alumnos de 5º Infantil

Obradoiro de ciencias.

O AODROR EA (JUAN)

OBRADOIRO DE CIENCIAS

TODOS MERCORES TEMOS OBRADOIROS (SARA)



XUADO 14 EOGS E EAG, D 3, 4 E 5 ANOS (ANUEL)

XUNTÁMONOS 14 NENOS E NENAS DE 3,4 E 5 ANOS

OS 6 TO 5 A O ACO F 10P RO (OSCAR)

OS QUE TEMOS 5 ANOS FIXEMOS DE TITORES DOS PEQUENOS

OUTUBRO (Botánica)

NO OBRADOIRO DUEIEN FO UD
IBI AO OB AS TOESB
ON S PIT (JAKI R)



NO OBRADOIRO DE CIENCIAS EN OUTUBRO INVESTIGAMOS SOBRE AS ÁRBORES E ARBUSTOS DO NOSO PATIO



UTILIZAMOS A GUÍA DAS ÁRBORES DO COLEXIO (CARLOS)

UTILIZAMOS A GUÍA DAS ÁRBORES DO COLEXIO

PRIMEIRO SAÍMOS AO PATIO DOS MAIORES (JESUS)



PRIMEIRO SAÍMOS AO PATIO DOS MAIORES

ALÍ MARCAMOS CUNHA CINTA AS ÁRBORES DE FOLLA CADUCA
 ALI MARMANOS QA ZA AS
 OS D OLL AUA (LAIRA)



ALÍ MARCAMOS CUNHA CINTA AS ÁRBORES DE FOLLA CADUCA

TAMÉN BUSCAMOS O NOME DAS ÁRBORES NA GUÍA
 TAMEN USAS O OE AS AOSA IA
 (ADRENFUSTES)



TAMÉN BUSCAMOS O NOME DAS ÁRBORES NA GUÍA

OBSERVAMOS AS SUAS FOLLAS E O SEU TRONCO (PAULA)



OBSERVAMOS AS SÚAS FOLLAS E O SEU TRONCO

NEA AIO AI VI ARBORE
 VNAO OIA: ARBORE OAR
 (DANIEL)



NESTE PATIO HAI UNHA ÁRBORE CUN NOME MOI BONITO: ÁRBORE DO AMOR

NO PATIO DE INFANTIL FIXEMOS O MESMO (VERA)

NO PATIO DE INFANTIL FIXEMOS O MESMO



NO NOSTRO PATIO HAI MOITAS ARBORES: 17 (MIGUEL)



APENDIMOS CE TAMÉN AI ARBUSTOS (DIEGO)



APRENDIMOS QUE TAMÉN HAI ARBUSTOS

CONECIMOS UN ARBUSTO CE E TÓXICO (PATRICIA)

ARBUSTO QUE É TÓXICO

ESTE ARBUSTO CHAMASE ADELFA.

TAMÉN AI UNA ARBORE QUE DA FROITOS TÓXICOS: O ACIBRO (XABI)

TAMÉN HAI UNHA ÁBORE QUE DA FROITOS TÓXICOS: O ACIVRO



AOS DOUS PUXÉMOS UN SINAL (ADRIANA FORT)

AOS DOUS PUXÉMOS UN SINAL

NOVEMBRO (Química)

EN NOVEMBRO DE ESPIREMOS CECAS

NO OBRADOIRO DE CIENCIAS FIXEMOS EXPERIMENTOS NO LABORATORIO

EN NOVEMBRO NO OBRADOIRO DE CIENCIAS FIXEMOS EXPERIMENTOS NO LABORATORIO

MESTURAMOS DISTINTAS COUSAS: AUGA SAL A CUCERINA GRE BICARBONATO COLORANTE ALIÑO (XABI)



AUGA ON SAL AUGA ON AZUCRE BINAGE ON OLOAE (CARLOS)

AUGA CON SAL

AUGA CON AZUCRE

VINAGRE CON COLORANTE

OCORREU ALGO EXTRAORDINARIO CANDO MESTURAMOS:
1 CHORRO GRANDE DE VINAGRE
1 GOTA DE COLORANTE
1 CUCHARADA DE BICARBONATO

(SARA)



OCORREU ALGO EXTRAORDINARIO CANDO MESTURAMOS:

1 CHORRO GRANDE DE VINAGRE

1 GOTA DE COLORANTE

1 CUCHARADA DE BICARBONATO



PROBATEI NA CASA A SER UNA CIENTIFIKA COMA MIN (PATRICIA)

PROBA TI NA CASA A SER UNHA CIENTÍFICA COMA MIN

E.I. 5 ANOS



Alumnas e alumnos de 6º Infantil

Actividades

GRUPO 3ºA

Ao comezo de curso entre todos escribimos o nome de "The Fantastic Team".
Ficémoslo entre todos. Cada semana escribimos
deus capitóns que axudan en algunhas
tarefas da clase: repartir os cadernos, os libros,
facer que se cumpren as normas da
clase, etc.



Cada día, ao
comezo da clase acercámonos
ao círculo e facemos retos e dinámicas
que nos axudan a concentrarnos,
a ser máis pacientes, máis res-
pectuosos, a darnos conta de
que todos somos importantes para
 acadar cousas boas.





Descubrimos palabras que non coñeciamos en galego. Seguiremos coñecendo máis e imos facer un libro xigante!



Estamos intentando comprender a importancia de ser solidario, de dialogar, de integrarse non agredir, de compartir, de cooidar a nosa contorna e a natureza, de pensar que todos somos iguais.



de 6^ºA que nos leron un conto precioso "O lapis máxico de Malala, sobre o que imos traballar máis adiante. Escitámolos con moita atención!





Queremos amorarvos o noso mural sobre a mazá. Facendo aprendimos cousas moi interesantes sobre a mazá: recetas, produtos procesados, tipos de mazá que se dan no Ortegal... Tamén traballamos un conto, unha fábula e incluso compuxemos unha poesía entre todos. Aquí a tedes →

POEMA

POEMA "A MAZÁ"

	A mazá, na árbore está. A crocante mazá, é moi linda e moi san.	
	Aquela mazaiña, está moi boiña. Esa mazaiña, que riquiña!	
	Aquela mazá, moi ben está. Aquela saborosa mazá, no froiteiro está.	
	A mazá asada, moi brillante está. A zumenta mazá, moi rica está.	

Alum@s de 3º A

THE FANTASTIC TEAM MEMBERS AND...

SOME MAGIC WORDS

PLEASE!
THANK YOU!



HELLO! My name is Andrea.
I'm 8 years old. I am brave but I'm not bossy.
My favourite colour is red. I like sausages
and chips but I don't like chicken wings
or tomatoes. Goodbye!

HELLO!

You're welcome!



Hello! My name
is Vania. I'm 8 years old.
I am clever but I am not bossy.
My favourite colour is blue.
I like sausages and spaghetti
but I don't like tomatoes
or carrots.
Goodbye!

HAPPY BIRTHDAY!

SORRY!



Hi!
Hi! My name
is UNAI. I'm 8 years
old. I am calm but I am
not bad. My favourite colour
is black. I like chips and sausages
and apples but I don't
like onions or tomatoes.
Goodbye!

Hi!

THANK YOU!

PEDRO MIGUEL



HELLO! My name
is Pedro Miguel. I'm 8
years old. I am calm
but I'm not crazy. My
favourite colour is white. I like
chicken wings and octopus but
I don't like fish or onions.
Goodbye!

BYE!

Bye-Bye!

HAPPY HALLOWEEN!

SORRY!



Hello! My name is Andrés I'm 8 years old. I am crazy but I'm not calm. My favourite colour is green I like chicken wings and rice I don't like tomatoes Goodbye!

THANK YOU!



Hello! My name is Nahia. I am 8 years old. I am brave but I'm not bad. My favourite colour is pink. I like chicken wings and pizza but I don't like tomatoes or carrots Goodbye!



Hi! My name is Unai. I'm 9 years old. I am brave but I am not bossy. My favourite colour is violet. I like pasta and tomatoes but I don't like sausages or octopus Goodbye!

HAPPY CHESTNUT DAY!

Hi

HAPPY HALLOWEEN!



Hello! My name is Pedro. I'm 8 years old. I am crazy but I'm not bossy. My favourite colour is black. I like pizza and lasagna but I don't like onions or tomatoes. Goodbye!




Hello! My name is Michelle. I'm 8 years old. I am clever but I am not angry. My favourite colour is red. I like chips and spaghetti, but I don't like tomatoes or oranges. Goodbye!

Please



Hello ! My name is Mara. I am eight years old. I am happy but I am not angry. I like chicken wings and omelette but I don't like soup or onions. My favourite colour is blue.
Goodbye!

GOOD MORNING!



Hello ! My name is Cristina. I'm 8 years old. I am brave but I am not tired. My favourite colour is blue. I like sausages and soup, but I do not like olives or chips.
Goodbye!

SORRY!

My name is Alex. I'm 8 years old. My favourite colour is blue. I like ice-cream and fruits but I don't like vegetables or chicken.
Goodbye!

THANKS!



Hello ! My name is Melisa. I'm 8 years old. I am clever but I'm not bossy. My favourite colour is black. I like chicken wings and sausages but I don't like tomatoes or carrots.
Goodbye!



Hi! Hello! My name is Marcos. I'm seven years old. I am brave but I'm not bad. My favourite colour is white. I like pizza and football but I don't like lentils or chicken.
Goodbye!

PLEASE!

Hi!



Alumnas e alumnos de 3º A

Semana de exaltación mazá de Cariño.




Os días 25 e 26 de outubro fixemos unha exaltación para promover o consumo da mazá de Cariño coa colaboración da ANPA que aportou a froita e o postre feito con mazás.



Decoramos a entrada cunha exposición de diferentes variedades de mazás do pobo e libros sobre a froita. Os alumnos e alumnas de 4º, 5º e 6º de primaria fixeron un traballo de investigación de cada froita para coñecer máis sobre cada variedade.



Montamos unha gran exposición de receitas con mazás aportadas por todo o alumnado. Estas están agora recollidas nun gran libro de receitas na biblioteca para a súa lectura.



Ademáis decoramos o centro con mazás que nos transmitían mensaxes e traballamos a lectura “La manzana que quería ser estrella”.



Equipo de Dinamización da Lingua Galega




"A RECEITA DA AVOA"

- Título da receita: *Torta de queixo*
- Elexín esta receita porque: *ten moi boa pinta*
- Época na que adoita cociñarse: *todo o ano*



→ **Inredientes:**

- *Unha tarrina de queixo fresco*
- *Un iogur natural*
- *Un vaso de iogur de fariña*
- *Un vaso de iogur de azucre*
- *Tres vasos de iogur de leite*
- *Un brick de nata pequeno*
- *3 ovos*
- *Marmelada de melocotón*



→ **Proceso de elaboración:**

En primeiro lugar, vertemos todos os ingredientes nun bol fondo e batémolos co batedor ata que se mesturen.

Untamos un molde con manteiga e vertemos a mezcla.

Prequentamos o forno a cento oitenta graos e metemos a mezcla durante 40 minutos aproximadamente.

Cando retiremos a torta do forno estenderemos sobre ela a marmelada.




Autora: *Celia Díaz Alves - 4º* @



Celebracións

Magosto

Polo magosto xogamos e brincamos cos birlos, coa corda, coa buxaina, co pano, coa chave, cos zancos,...





E para rematar o día nada mellor que comer unhas boas castañas perfectamente asadas un ano máis por Tono e Martín
MOITAS GRAZAS!!!!




SAMAÍN



Dende o equipo de dinamización da lingua galega decidiuse celebrar o Samaín a semana do 30 de outubro ao 3 de novembro.

Nesta semana propúxose un obradoiro moi motivador e saboroso.

Baixo a dirección da profe Tamara, os días 30 e 31 de outubro o colexio tivo un cheiro moi especial a comida terrorífica.



O centro aínda se volveu máis terrorífico coa decoración monstruosa de clases e corredores



Equipo de Dinamización da Lingua Galega


Conmemoracións

SEMANA DOS DEREITOS DA INFANCIA.

Un ano máis, o equipo de ACE en colaboración cos equipos de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca, levou a cabo as seguintes actividades:



Elaboración dun mural fotográfico que escomeza na entrada do colexio e segue por diversas estancias e corredores do centro, con fotografías e textos alusivos os diferentes dereitos.



Exposición de libros relacionados con esta temática.



Traballamos nos diferentes cursos os dereitos e fixemos fichas relacionadas cos mesmos.



Os nenos de 6º de primaria na “hora de ler” repartíronse polas diferentes titorías léndolle aos alumnos diferentes libros con temática alusiva á infancia; agasallándoos logo da lectura con ditos libros.



EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS.


A proposta da educadora familiar do Concello de Cariño, en colaboración coa ANPA do mesmo participamos este curso na campaña

“En negro contra as violencias”

O 17 de decembro de 1999 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, convidando a gobernos, organizacións internacionais e organizacións non gobernamentais a desenvolver actividades dirixidas a sensibilizaá poboación respecto da situación de violencia na que viven moitas mulleres.

A violencia de xénero é a expresión máis extrema das desigualdades sociais que viven as mulleres. Un tipo de violencia que sofren as mulleres polo simple feito de ser muller, unha desigualdade silenciada, agochada e en moitos casos normalizada. Segundo os datos da última macroenquisa de violencia contra as mulleres polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, un 13% das mulleres residentes en España de máis de 16 anos declaran ter sufrido violencia física ou sexual nalgún momento da súa vida por parte da parella ou exparella, un 26% violencia psicolóxica de control —celos, control de horarios e actividades etc.— e un 20% violencia psicolóxica emocional —insultos, intimidacións, ameazas verbais, etc—. Dende 2003 ata maio do 2017, a Delegación de Goberno rexistrou 53 asasinatos en Galicia, e 780 en España.

Nós no colexio celebrámolo o martes 21 con diferentes actos:



Confección dun mural co fondo negro, e co lema da campaña rodeado de mans brancas aportadas por todolós alumnos do centro cunha frase alusiva a data.



Reunímonos no patio na hora do recreo, cada alumno levaba una cara de neno ou nena indistintamente (en branco e negro) e globos das mesmas cores que soltamos no patio.



Os mestres tiñamos un lazo bicolor.



Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

Contos

Conto: "O Nadal da castaña"

Érase unha vez unha castaña que nacera o día de Nadal.

A ela sempre lle dician que por nacer o día de Nadal, Papá Noel e os Reis Magos non lle traerían agasallos.

- Xa é Nadal!! É o meu aniversario! Que emoción!!! Mamá, papá, xa é Nadal e tamén o meu aniversario!, dicía ela.

Os seus pais, díxeronlle que o Nadal era o día 25 e Noiteboa, o 24 de decembro.

A castaña parecía bastante triste, e ocorréuselle escribir unha carta a Papá Noel dicindo:



Querido Papá Noel:

Eu só quero coñecerte en persoa, porque os meus amigos insisten en que non me traerás agasallos xa que é o meu aniversario. Espero que me saques de dihidras!!


Un hico,

A Castaña

Ao ler a carta, os seus pais a carta, preocupáronse.

Pasaron os días e íase achegando o 25 de decembro. Ese día, xuntouse toda a familia castaña. Despois abriron os regalos... incluídos os que lle deixara Papá Noel!! A Castaña píxose moi contenta de recibir un balón de fútbol e un coche radiocontrol.

... E a partir de aquela, tivo máis esperanza de poder recibir agasallos de Nadal como as demais castañas.



Autora: Janire Adrián Alfonso - 4º

Actividade realizada pola celebración da "Mazá de Cariño"

Conto: "A mazá máxica"

Érase unha vez unha árbore que botaba mazás... pero non era unha árbore calquera, pois eran mazás máxicas!

Cada mazá que comeras dicían que desaparecerías e irías a outro planeta chamado "O Planeta Máxico".

Un día, un neno chamado Adrián estaba preto desa árbore e pensou: "Se como una maza irei a outro planeta?... Serei un mago?"

Pero como Adri era un neno un pouco pillabán, decidiu comer unha...

De súpeto abríuse un portal no ceo, absorbeu ao rapaz e saíu despegado da Terra coma se fose un cohete.

Cando chegou a aquel lugar, había moitas árbores de mazás, comeu unha... e volveu á Terra!

Pasou tanto medo que non volveu comer outra!!

FIN



Autor: Asier Balado Luaces. 4º E.P.

* Colorea o debuxo!!



Mulleres científicas

Estudo de PALEONTOLOXÍA en 2º

Este curso estamos traballando no colexio sobre as mulleres científicas e nós os nenos e nenas de 2º de primaria estamos inmersos nun gran traballo de investigación sobre a paleontoloxía e esas grandes mulleres que se adicaron a esta ciencia.

O primeiro que tivemos que facer foi buscar información...



Con este gran traballo de investigación colocámonos en grupos e comezamos:

Primeiro tivemos que buscar un título para o noso traballo.

A continuación comezou a posta en común da información individual que cada un puido aportar ao grupo.

De seguido puxémonos a traballar



Xa todos sabemos que a paleontoloxía é a ciencia que trata do estudo dos organismos desaparecidos, a partir dos seus restos fósiles, é dicir, dos restos mineralizados de seres vivos que se conservaron nas rochas.

As científicas que traballan nela denomínanse paleontólogas.







Xa coñecemos paleontólogas moi importantes polo mundo como Mary Anning (Inglaterra), Elizabeth Philpot (Londrés), Annie Montague Alexander (Estados Unidos), Mary Leakey (Londres) e Zulma Nélica Brandoni de Gasparini (Arxentina).

En España tamén coñecemos a:

Nieves López Martínez, naceu en Burgos en 1949 e faleceu en Madrid no 2010. Foi especialista en investigación sobre o rexistro fósil de vertebrados e unha das responsables da modernización dos estudos paleontolóxicos de España. Foi moi coñecida mundialmente polos seus estudos e pola súa innovación docente no ámbito universitario.

Asunción Linares Rodríguez, naceu en Granada en 1921 e faleceu no 2005. Destacou na labor docente e de investigación. Obtivo a Cátedra de Paleontoloxía da Universidade de Granada en 1961, sendo a primeira muller en obtener una cátedra nunha facultade de ciencias en España. Destacou pola súa traxectoria na dirección de numerosos traballos doutorais.

As mellizas Laura e Soledad Domingo, nacidas en Madrid que comparten a pasión pola Paleontoloxía e os fósiles e o mérito de ser elexidas por National Geographic para becar os seus proxectos de investigación.



Alumnas e alumnos de Segundo


Proxectos

PROXECTO LÓVA


XA TEMOS UN NOME! SOMOS...

“LÚA COMPAÑÍA DE ÓPERA”

XA TEMOS UN LOGO...



XA TEMOS UNS SÍMBOLOS...



LÓVA

XA ESTAMOS CREANDO XUNT@S..!!

Alumn@s de 1ºA

TEMAS MÁIS IMPORTANTES DO PROXECTO LÓVA

METÁFORAS

ERROS

EQUIPO

CONEXIÓNS

PENSAR

ESCRIBIR

RISCOS

RETOS

ESCOITAR

INTEGRAR

FALAR

PROFUNDIZAR

REFLEXIONAR

DEFENDER

DOCUMENTAR

PREGUNTAR
POR QUE ?

PROCESO

SILENCIO

EMOCIÓNS

Innovación.

ÁREA DE ROBÓTICA

Este curso, o alumnado de 4º e 6º teñen como novidade a área de libre configuración de robótica.

Pregunta... e resposta:

→ Que fixeches ata agora en robótica? Gústache?

- ✓ “En robótica aprendimos a programar e xogar ao Scratch e mBlock. Gústame moito e ata me parece increíble o que estamos a facer! Trouxemos á aula cousas como un circuito, un robot e un telescopio que se conecta ao ordenador”. **Mateo**



- ✓ “O primeiro día xogamos a varios xogos: Scratch e á Hora do código e molaba moito. O seguinte día xogamos tamén co mBlock e tamén me gustou”. **Sabela**

- ✓ “No Scratch había bloques con oracións e podías poñer personaxes e fondos. Tamén hai bloques para que os personaxes anden. Gústame moito!”. **David**

- ✓ “En Scratch aprendimos a programar e crear. Eu creo que o estamos facendo moi ben. A min encántame esto de ordenadores e robótica”.
Noa



- ✓ “Pois o primeiro que fixemos foi programar e poñernos en parellas. Aínda seguimos programando na aplicación de mBlock. A miña parella é Carlos. Xa aprendimos moito!”. **Laura**

- ✓ “Fixemos xogos e divertímonos moito. Consequín facer un xogo”. **Alex**

- ✓ “En robótica xogamos cos ordenadores e aprendimos moito. Agora sei manexar mellor o ordenador”. **Lara**



- ✓ “Programamos xogos, aprendimos a utilizar o Scratch e fixemos que os personaxes se moveran ou dixeran algo”.
Andrea



Respostas de parte do alumnado de 4º E.P.

TRABALLO GRUPAL EN ROBÓTICA...

As últimas semanas traballamos en grupos mediante pequenos retos



Alumnas e alumnos de Cuarto

Viaxes: Exposición “A robótica en primaria”

A Xunta creou un programa para que as aulas tiveran robótica, chamado “Robótica en primaria”. Todos os venres temos unha hora. Gústame moito a robótica.

O mércores, 25 de outubro fomos a Santiago para participar nunha actividade chamada “Experiencias de robótica en primaria”, para a que estivemos traballando durante uns días. Fixemos dous grupos: un estaba composto por David V. e Eric, e o outro por Sandra e eu. Primeiro construímos os robots coas pezas que nos mandou a Xunta de Galicia. Cando tivemos os robots feitos empezamos a programalos, para o que empregamos un programa no que había que arrastrar uns bloques. Cada bloque serve para que o robot faga algo. Se fas combinacións podes conseguir que faga cousas como acender as luces cando detecta escuridade, parar cando detecta un obstáculo, etc.

O mércores saímos moi cedo, ás 8:15. Un taxi viña a recollernos ás nosas casas para levarnos ata a Cidade da Cultura en Santiago. Hai dúas horas de viaxe ata alí. Durante a viaxe fomos falando e xogando ao aforcado. Cando chegamos, o que máis nos impresionou foron os edificios nos que realizaríamos a exposición. Foron construídos por Peter Eisenman, un arquitecto moi importante e famoso. Tanto por fora coma por dentro eran fantásticos. Na sala onde fixemos a exposición había moitas cadeiras, porque os adultos tiveron unha charla, e varias mesas para os arquet. Foron varios colexios ademais do noso.

Os nosos proxectos foron tres. O primeiro consistiu en que un robot acendera as luces cando non houbera luz e parase cando detectara algún obstáculo. Para iso tivemos que programar o robot cun detector de luz e cun detector de ultrasóns que emitía un son. Se o son rebotaba, o robot escoitábao e sabía que tiña que parar. Tamén tiña un detector que seguía a liña da carreteira. O outro proxecto consistiu nun robot que medía a altura dos obxectos. Funcionaba parecido ao anterior: emitía un son e dependendo do que tardara en rebotar ata chegar ao sensor sabía o que medían os obxectos.



O terceiro traballo consistiu nun robot que botaba fóra os obxectos que lle puxeran dentro dun círculo. O robot detectaba a liña do círculo e nunca saía fóra, funcionaba igual que os anteriores cun detector de ultrasóns. Cando tivemos todo preparado, merendamos e sacamos unha foto.

Logo fomos xogar a un parque moi divertido. Despois de xogar, presentamos os robots a todos os invitados, onde coñecemos ao Conselleiro de Educación, que nos deixou medir o seu teléfono móbil para comprobar como funcionaba un dos nosos robots. Foi xenial.



Carme de 6º A

Viaxes: A semana STEM


Cando nos deron a noticia de que íamos participar nunha actividade chamada "Semana STEM" puxémonos moi emocionados, desexábamos que chegara o día, pero ao mesmo tempo estabamos nerviosos, xa que era unha experiencia nova... íamos estar fóra da casa unha semana!

O domingo, 29 de outubro, toda a clase de 5º A saímos de Cariño nun microbús hacia Mondariz-Balneario (Pontevedra). Tardamos catro horas en chegar, pero cando por fin estivemos alí, puxémonos moi contentos, sentíamonos felices. Deixamos as maletas nunha esquina, fixemos un xogo de presentación para coñecernos, outro sobre os gustos de cada un, distribuímos as habitacións, duchámonos e leváronnos cear. Mmmmm! A comida estaba riquísima. Despois da cea fixemos unha velada ata as once da noite e logo... A durmir.

Todos os días tiñamos as mesmas rutinas: levantarnos ás 8:00 horas, almorzar ás 8:30, hixiene persoal ás 9:00 e xogo libre ata que comezaban as clases. O luns leváronnos a un auditorio onde estivemos falando de biotecnoloxía. Distribuíronnos en cinco grupos e repartíronnos unhas camisetas co nome de científicas e científicos famosos para identificar a cada grupo: Michael Faraday, Isaac Newton, Nikola Tesla, Ada Lovelace e Marie Curie. Cada grupo tiña un monitor diferente e estabamos mesturados con nenos/as doutros coles de Galicia. Fixemos experimentos con bacterias, debuxámolas, elaboramos os nosos propios microscopios cunha webcam e recollemos mostras nun caderno para practicar con eles. Entre actividade e actividade tiñamos algún tempo libre para xogar ao baloncesto, ao fútbol, a Toma Tomate... De oito a oito e media deixáronnos os móbiles para falar coas nosas familias.



O martes tocou clase de electrónica e soldadura. Investigamos como un led pode funcionar cunha pila e con plastilina que fixeron os monitores con sal e colorantes. A plastilina era máxica, conducía a electricidade! Pola tarde soldamos un pouco, merendamos e fixemos un buzón para meter cartas onde podíamos expresar o que quixéramos e ao que lle chamamos "O buzón dos segredos". Esa noite, cando fomos á velada vimos que xa había cartas no buzón dos segredos, lémolas en voz alta... Algunhas eran de amor! Continuamos coa velada e cando deron as once, fomos durmir.



O mércores falamos de robótica e programación, utilizamos un programa que se chama Scratch para aprender a programar robots. Foi moi interesante e divertido!

O xoves fomos ao auditorio e falamos da impresión 3D, logo subimos ás clases e deseñamos as nosas propias pezas en 3D.

O venres pola mañá falamos de robótica e construímos un robot, pola tarde fomos de excursión a Nigrán, a unha fábrica de impresión 3D. Fomos os primeiros nenos/as que visitamos esta fábrica!

Como era o último día, os monitores fixéronnos unha festa sorpresa. Xogamos, bailamos e divertímonos moitísimo coa música a todo volume. Pero tamén estabamos un pouco apenados porque era o último día e ningúen se quería ir para a súa casa. A semana pasara voando.

O sábado recollemos todo e fixemos as maletas. Sabíamos que nos tiñamos que ir, pero non nos queríamos ir. A despedida foi o peor, ningúen se quería ir para a súa casa:(

No autobús pasámolo moi ben e as catro horas que durou a viaxe valeron a pena. Paramos a comer en Padrón e despois viñemos directos a Cariño. Cando chegamos, os nosos pais alegráronse moito e nós tamén, aínda que sempre lembraremos a Semana STEM. Tivemos moita sorte ao ser un dos coles seleccionados para realizar esta actividade. Foi unha experiencia marabillosa, relacionámonos con outros nenos/as, fixemos moitos amigos e amigas e os monitores que tiñamos eran xeniais, graciosos, divertidos e moi listos, sabían facer moitas cousas. A convivencia foi moi boa. Volveríamos repetir a actividade encantados!!!



Experimentos.

EXPERIMENTOS CASEIROS

A física, igual que a química, é unha ciencia natural. Os seus científicos e científicas, que se chaman físicos e físicas, observan todo o que nos arrodea. Estudian os movementos da materia e dos corpos a través do espacio e o tempo, para chegar a conclusións sobre como se comportan e entender o que lles sucede en cada momento. É coma se xogaran cós materiais para descubrir cousas novas sobre eles.

E vaia se as descubren! Comprobámolo en clase..

Auga que non se derrama se a tapamos..



Guante que cobra vida..



<p>Vemos dobre.. (Refracción da luz)</p>	
<p>Pompas de xabón xigantes..</p>	
<p>Ovo en vinagre..</p>	

Alumn@s de 1ºA



Alumnas e alumnos de Primeiro

PODE MEDRAR UNHA PLANTA SEN LUZ?

HIPÓTESE: *A presenza ou ausencia de luz condiciona o crecemento dunha planta.*

MATERIAIS:

- Unha caixa de cartón sen buratos.
- Dous vasos de iogur de cristal.
- Algodón.
- Lentellas.
- Auga.

PROCEDEMENTO:

- Día 1:
 1. Empapamos dous algodóns en auga e colocámoslos no fondo dos dous vasos.
 2. Colocamos a mesma cantidade de lentellas en cada algodón.
 3. Poñemos un vaso dentro da caixa, sen que entre nada de luz, o outro vaso deixámolo ao descuberto e... A esperar!
- Día 2, 3, 4 e 5.

Regamos as dúas sementes por igual.
- Día 6

As sementes xerminaron.
- Día 7

Comézanlles a medrar as raíces e os talos.
- Día 8

Os talos e as raíces seguen medrando. Parece que medra máis a planta que está na escuridade!
- Día 9


Botámoslles terra para que medren mellor.

CONCLUSIÓN:

A planta que non recibiu nada de luz porque estaba dentro da caixa medrou máis rápido, xa que ía en busca da luz constantemente. Está rara, as súas follas son amarelas e os seus talos son longos, débiles e de cor branca porque ao non recibir a luz solar non fixo a fotosíntese e polo tanto non se activou a clorofila que é a que lles dá a cor verde ás plantas.

Pola contra, a planta que recibiu luz solar tivo un crecemento máis lento, pero as súas follas e os seus talos son verdes e fortes porque realizou a fotosíntese. Despois de varios días comprobamos que á planta que recibe luz solar saíronlle moitas máis follas.

A planta que medra dentro da caixa acabará morrendo porque como todo ser vivo necesita alimento e ao non realizar a fotosíntese non o pode fabrica.



Alumnas e alumnos de Quinto

Biblioteca

Neste primeiro trimestre do curso o equipo de biblioteca programou actividades que pretendían **fomentar a lectura e o uso da biblioteca por toda a comunidade escolar.**

Para algunhas das actividades aproveitamos as celebracións .
A primeira actividade foi a celebración do **Día das Bibliotecas Escolares.**

Para isto contamos coa colaboración do grupo de alumnos de 6º de Educación Primaria. Acompañaron aos novos alumnos de E.I. Subiron con eles á biblioteca, amosáronlla e léronlles contos, ademais de entregarlles os carnés da biblioteca.

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Por outra parte en colaboración ca Biblioteca Municipal todos os alumnos participaron no concurso de marcapáxinas conmemorativos desta data. Aquí tedes os gañadores. Noraboa.



Outra actividade foi a posta en funcionamento das mochilas viaxeiras. Nesta nova iniciativa participan os alumnos de E.I. e 1º e 2º de E.P.



Semana da ciencia na biblioteca



Desde o día 27 de novembro ao 1 de decembro organizamos na biblioteca A “Semana da Ciencia en Galego na Biblioteca”.

Preparamos catro rincóns:

Investigación. Para observar o mundo coas lupas binoculares, para coñecer como está a Terra, para descubrir rochas e minerais, ...

Construción. Con materiais para inventar cousas, construír circuitos electrónicos e estudar a física das bolas.

Programación. Para dirixir os robots.

Libros. Exposición de libros sobre ciencia.




Equipo da Biblioteca

Pasatempos.


Atopa as oito profesións relacionadas coa ciencia.

M	E	T	E	O	R	O	L	O	G	A	F
D	X	R	U	Q	I	U	R	F	E	R	A
M	E	D	I	C	O	S	H	A	I	Q	M
Q	U	I	M	I	C	A	V	R	P	U	O
F	L	G	X	Q	G	G	Z	G	S	E	N
Ñ	U	D	F	O	R	O	J	O	V	O	O
A	B	R	L	H	T	L	G	E	B	L	R
L	Ñ	O	M	G	D	O	Z	X	Q	O	T
Ñ	I	P	Z	R	J	E	D	J	P	G	S
B	A	M	T	Z	A	X	M	Q	B	A	A

Que ves nesta imaxe?
E se lle dá a volta?







Une os puntos e forma a Papá Noel.



Busca as cinco diferenzas.



O ESPIGONCIÑO



O ESPIGONCIÑO



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística

